



Acordanzas, desde 1936

Francisco Carballo

A movida da Fronte Popular.

Logo de gañar a Fronte Popular as eleccións, febreiro de 1936, o tempo social mudou:

rumoroloxía de incendios de templos e vivendas, atracos e enfrontamentos. Meu pai ordenou certa vixianza do alboio e das medas. Había moita actividade na parroquia de Asadur (Ourense): as minas de estaño centraban un cento de homes, as *Misións pedagóxicas* exaltaron os ánimos co cine mudo e a música, os xornáis e as primeiras radios concentraban a cantidade de interesados e lectores.

Sublevacion e mortos

Eu enteireime da sublevación militar polos avións que sobrevoaron a bisbarra. No setembro cambiei da escola á preceptoría dos Milagros, a uns seis km da miña casa. Era un encerro, mais en nadal e no verán íamos de vacacións á familia. De setembro a nadal foron tres meses de asombro. Aos poucos días, saímos á Glorieta (unha chaira de prolongación cara Maceda) para ollar a ponte de Foncuberta baixo a que abandonaran a un “paseado”. Ata daquela apreciábamos a guerra como unha aventura dos mozos de Ourense e Madrid. Nas vacacións do nadal, o 31-XII, fusilaron, en Ourense, a nove veciños do concello: conmoción e espanto no meu lugar. A pouco, na preceptoría, rezamos por Benigno Alvarez, veterinario comunista de Maceda, a quen deu o tiro de graza un falanxista. Tales crimes dos nacionais endexamais os puiden esquecer.

Pasaban os meses, os frades gardaban silencio sobre a contenda. Cambiaron de superior e o novo, un navarro, levounos á desfilar nunha festa patriótica á vila de Maceda. Pasei unha vergoña mortal e o meu pai indignouse, mais non me sacou da preceptoría.

Os restantes anos, ata setembro de 1941, fun “latinista” nos paúles. Ao igual que nos Milagres, estes frades gardaban silencio sobre a guerra: nós advertíamos as súas diferenzas de opinión.

Desde 1941 a 1949, novicio en Madrid e durante os estudos de filosofía e teoloxía: cambio de ambiente a fondo, todo nun nacionalcatolicismo en creación. Ocultamento da represión policial, cultural e relixiosa, disciplina cuartelaria, escolástica estricta. Só nos identificabamos co entorno na mala alimentación. Nos anos 47-49, xa clérigo, podíamos oír, ás veces, a radio, ler prensa da man dos profesores e libros de baratillo. Tivemos máis información da IIª Guerra Mundial e do maquis que da represión franquista.

Persoalmente pasei da ignorancia á dúbida nos anos 49-53 como alumno da Universidade Complutense (Madrid). Os profesores eran tan reservados sobre este tema como os paúles.. Santiago Montero Díaz foi a excepción: estaba en desacordo con FET das JONS, el “camisa vella”. Os alumnos discutiamos moito e os estranxeiros fornecían datos alarmantes de represión. No 1953, participei na misión do Nervión, en Santurce, e tiven información de primeira man sobre a represión en Euskadi. Nese verán estiven en París e Londres e caíronme a escamas dos ollos: había outra historia, a do bando republicano. No 1954, último na Complutense, houbo un paro numeroso contra o SEU e o Opus e tamén fomos en desfile a prol dun Gibraltar español.

A década dos 60 foi a do meu cambio: lin a Hugh Thomas (A Guerra Civil Española, 1961), e textos de Ruedo Ibérico sobre Galiza, Euskadi etc. Igualei “tirios con troianos” daquel conflito social no que pagaron inocentes por enlouquecidos. Criminalidade por ambos bandos. Unha diferenza: no nacional houbo opción oficial; no republicano, incapacidade oficial ante a criminalidade de grupos. No 1965 fun designado rector do teologado dos paúles en Salamanca; tiven a oportunidade en oito anos de liberarme da escolástica e acoller

a “nouvelle théologie”, o Vaticano II, e, por fin, voltar a Galiza para compartir como galego o itinerario deste país.

En Vigo coñecín os asasinatos e fusilamentos dos nacionais ao igual que fixeran na miña bisbarra no 1936. Cando no 2006 participei en xornadas sobre a Memoria histórica, sobraronme os meus recordos para tecer cadros significativos das represións bélicas e da ditadura (1936-1975). Desde a *Asociación Cultural de Vigo* como desde *Promocións Culturais Galegas* (editora de ANT), asumín investigacións e divulgacións da historia de Galiza e da nosa igrexa no século XX. Atento ao CPG (Concilio Pastoral de Galicia), a Irimia, Encrucillada e novos colectivos de cristiáns galegos, espero se consolide un novo paradigma católico. Mais constato as fondas raíces da intolerancia e dos prexuízos que aínda aniñan na sociedade e que a razón e o Evanxeo teñen de superaren.

Francisco Carballo
Historiador